

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 15 de xuño de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 15/06/2022
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 15/06/2022
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Memoria e documentación para a solicitude do “Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga”
- V. Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2022-2023
- VI. Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2022-2023
- VII. Informe de Revisión pola Dirección (curso 2020/2021).

Ábrese a sesión ás 13 horas e 08 minutos, en segunda convocatoria, na Aula M-211 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o mércores, 11 de maio 2022.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. Aprobación, se procede, da memoria e documentación para a solicitude do “Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga”.

A Presidenta lembra o proceso seguido coas titulacións G2030 e en particular coa proposta do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga, e sinala que na fase de revisión as tres universidades achegaron un informe coas súas observacións. No caso da UVIGO a revisión foi realizada pola Área de Calidade e a Área de Posgrao. A Comisión redactora da titulación valorounas e elaborou documentos de resposta aos devanditos informes.

Comenta as principais alegacións e indica que agora se trata de valorar toda a documentación final (memoria de verificación e respostas ás alegacións).

Sinala que aínda está pendente a habilitación da plataforma por parte do ministerio polo que é posible que aínda sexa necesario facer algunha pequena adaptación dos documentos.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación presentada.

4. Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2022-2023.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen amosa o calendario, que se basea no que xa foi aprobado pola Universidade e é similar ao do curso anterior. Sinala as datas de comezo do curso, e comenta brevemente as principais datas da proposta de calendario escolar para as titulacións de grao (Anexo V) que foi achegada con antelación aos membros da Xunta de Escola. Engade que o calendario de exames queda posposto á seguinte sesión pero que o encaixará nas datas previstas no calendario.

A continuación comenta o calendario do Máster sinalando as principais datas propostas.

A Xunta de Escola aproba a proposta de calendarios por asentimento.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

5. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2022-2023.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen comenta a proposta (Anexo V) e indica as datas límite dos diferentes trámites administrativos e procedementos de TFG.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

6. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2022-2023.

A Directora sinala que o calendario de Traballo Fin de Máster foi aprobado na Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e xa está incluído no calendario escolar das titulacións do centro (Anexo V).

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

7. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2022-2023.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen presenta a proposta de horarios (Anexo VI).

Sinala as principais modificacións do horario do primeiro curso, que é moito máis compacto e está consensuado co alumnado e o profesorado. Indica que no segundo curso hai poucos cambios e que en terceiro entra o novo plan, con novas materias, polo que foi necesario deseñar un horario novo. En relación aos horarios de cuarto curso foron necesarios cambios para evitar solapes coas novas materias de terceiro, e están consensuados. É similar para as dúas titulacións de grao.

O horario de Máster só tivo uns cambios no segundo cuadrimestre debidos a solapes polos cambios de horarios dos graos e atendendo a demandas do alumnado e dispoñibilidade do profesorado.

María Araújo sinala que aínda está pendente revisar as asignacións de espazos tras os últimos cambios e que se farán os axustes necesarios antes da publicación dos horarios.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

A Directora agradece o traballo de María Araújo na elaboración das propostas de horarios e calendario escolar do centro.

8. Aprobación, se procede, do SGIC R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2020-2021).

A Directora aclara que o IRPD (Anexo VII) é o documento clave do sistema de calidade do centro; trátase dun informe relevante no que se revisa o funcionamento global do centro e as titulacións, que se achegou con antelación aos membros da Xunta de Escola e que foi aprobado pola Comisión de Calidade o 14 de xuño.

A continuación comenta a estrutura xeral do informe, que é a mesma dos anteriores, e sinala os seus principais aspectos. Comenta que hai parágrafos marcados en amarelo porque están pendentes de obter resposta a consultas feitas á Unidade de Análises e Programas e á Área de Calidade. A continuación sinala os principais indicadores, comentando os seus datos e facendo unha breve análise da cada un dos epígrafes. Sinala que este ano incorporouse a valoración da satisfacción dos empregadores e unha enquisa propia sobre o desenvolvemento do TFG/TFM e remata a presentación do IRPD coa lectura das conclusións e acordos recollidos na proposta do IRPD.

Pide a delegación na dirección para unha última revisión de redacción e emenda de erratas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2020/2021.

A Directora agradece a Guillermo García, Coordinador de Calidade, o traballo realizado na coordinación na elaboración do documento.

9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

10. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 43 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a quince de xuño de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 15/06/2022

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores, 15 de maio de 2022, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda.

A reunión terá lugar na **Aula M211** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e trataranse os seguintes puntos na orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria, celebrada o 11 de maio de 2022.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, da memoria e documentación para a solicitude do “Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga”
- 4) Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2022-2023.
- 5) Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2022-2023.
- 6) Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2022-2023.
- 7) Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2022-2023.
- 8) Aprobación, se procede, do rexistro do SGIC R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2020-2021).
- 9) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 10) Rogos e preguntas.

Vigo, 8 de xuño de 2022
O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 15/06/2022

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 15/06/2022

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Araújo Fernández, María
3. Arias Sánchez, Pedro
4. Cabeza Simó, Marta
5. Conde Fontenla, Marcos
6. Deive Herva, Francisco Javier
7. Diez Ferrer, José Bienvenido
8. Domínguez Santiago, Ángeles
9. Eguía Oller, Pablo
10. Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
11. García Bastante, Fernando
12. García Lomba, Guillermo
13. Giráldez Pérez, Eduardo
14. Goicoechea Castaño, María Iciar
15. González Rodríguez, Elena
16. Liz Marzán, Eduardo
17. Patiño Vilas, David
18. Pérez Pérez, M^a Carmen
19. Pozo Antonio, José Santiago
20. Rodríguez Rodríguez, Ana María
21. Taboada Castro, Javier
22. Vázquez Dorrió, José Benito
23. Vijande López, Javier

Alumnado

24. Domínguez Blanco, Santiago

Persoal de Administración e Servizos

25. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculparon a súa ausencia

- Alejano Monge, Leandro
- Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
- Rivas Brea, Teresa
- Alonso Pérez, Carmen
- Casal Barreiro, Alejandro
- Cuñado Juncal, Iago
- Filgueira Sánchez, Carmen
- Montenegro Vázquez, Iván
- Parente Artime, Belén

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Memoria e documentación para a solicitude do “Máster
Universitario en Xestión Sostible da Auga”

ANEXO V

Calendario escolar das titulacións impartidas na
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o
curso académico 2022-2023

ANEXO VI

Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría
de Minas e Enerxía para o curso académico 2022-2023

ANEXO VII

Informe de Revisión pola Dirección (curso 2020/2021)

